



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 4 **Investimentos en activos físicos**

Submedida 4.3 **Apoio aos investimentos en infraestrutura** **relacionada co desenvolvemento, a** **modernización ou a adaptación da** **agricultura e a silvicultura**



Índice

<u>1.</u>	<u>Medida 4. Inversións en activos físicos</u>	2
<u>1.1.</u>	<u>Submedida 4.3 Apoio aos investimentos en infraestrutura relacionada co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación da agricultura e a silvicultura</u>	2
<u>1.1.1.</u>	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
<u>1.1.2.</u>	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3.</u>	<u>Como se outorga a axuda?</u>	3
<u>1.1.4.</u>	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	3
<u>1.1.5.</u>	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	4
<u>1.1.6.</u>	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	4
<u>1.1.7.</u>	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	4
<u>1.1.8.</u>	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	5
<u>1.1.9.</u>	<u>Marco normativo</u>	5
<u>1.1.10.</u>	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	6

1. Medida 4. Investimentos en activos físicos

Xunto con outras medidas programadas no PDR, o investimento en activos físicos oríéntase á mellora da competitividade das explotacións agrarias galegas, así como do sector agroalimentario no seu conxunto. Algúns dos apoios están baseados tanto na modernización da comercialización dos produtos agrarios como no aumento da dimensión territorial necesaria para lograr que os sectores gandeiro e forestal sexan estables e sustentables.

Baixo esta medida a inversión xunto á aplicación horizontal dos criterios de cooperación e innovación e o impulso aos mecanismos de integración da cadea de valor, deberían conducir á mellora dos ratios empresariais. Para iso, a medida estrutúrase en catro liñas de axuda:

- ✓ Submedida 4.1 Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas
- ✓ Submedida 4.2 Apoio aos investimentos en transformación/comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agrícolas
- ✓ Submedida 4.3 Apoio aos investimentos en infraestrutura relacionada co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación da agricultura e a silvicultura
- ✓ Submedida 4.4 Apoio aos investimentos non produtivos vinculados ao cumprimento de obxectivos agroambientais e climáticos

1.1. Submedida 4.3 Apoio aos investimentos en infraestrutura relacionada co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación da agricultura e a silvicultura

Un dos problemas das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais galegas é a súa dimensión territorial. A través desta medida preténdese atallar devandito problema a través da redución do índice de parcelación, a clarificación da propiedade e a mellora da accesibilidade, evitando ademais a destrución de elementos de biodiversidade excepcionais no proceso.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A axuda en virtude de esta medida abarca dous tipos de actuacións diferentes:

- ✓ Por unha banda, investimentos relacionados coa reorganización técnica e xurídica da propiedade mediante procesos de reestruturación parcelaria, tanto en zonas en execución na actualidade como en novas zonas que se poidan determinar nun futuro, reordenación asociativa, permutas, agrupacións, explotación comunitaria e outros. Estas operacións levarán a cabo evitando a destrución de elementos de biodiversidade excepcionais.



- ✓ Doutra banda, investimentos en infraestruturas relacionadas coas explotacións: mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade aos predios agrarios e forestais, mellora da rede de abastecemento e saneamento a explotacións agrarias.

A través desta submedida non se desenvolverán actuacións relativas a regadíos, tanto creación de infraestruturas novas como mellora das existentes.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Tal e como se articula a axuda, os posibles beneficiarios da mesma serán:

- ✓ A administración autonómica para aquelas actuacións promovidas directamente.
- ✓ As persoas físicas e xurídicas, entidades públicas locais e comunidades de montes veciñais en man común, cando se comporten como destinatarios finais da axuda.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda articularase a través de tres vías:

- ✓ Investimento directo para aquelas actuacións levadas a cabo pola Administración autonómica
- ✓ Subvencións en réxime de concesión directa para as actuacións de acondicionamento de leiras cando os beneficiarios sexan entidades públicas locais
- ✓ Tamén se poderá subvencionar, entre outras actuacións, o acondicionamento de leiras no marco dunha reestruturación parcelaria mediante convocatoria pública de axudas.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Para aquelas actuacións relacionadas coa reforma da estrutura territorial, considéranse gastos subvencionables:

- ✓ Os gastos vinculados ao proceso como: enxeñería e consultoría, avaliación de impacto ambiental, fotogrametría, topografía e planimetría, estudo da propiedade (bases provisionais e definitivas), proxecto, acordo da reforma e replanteo de predios, levantamento topográfico de camiños e redacción do proxecto da rede viaria e resto de infraestruturas
- ✓ Os custos da rede viaria asociada ao proxecto e obras complementarias, obras inherentes á reforma estrutural e accesos e acondicionamento de predios de substitución

No caso das actuacións de construción de infraestruturas relacionadas coas explotacións, consideraranse os seguintes gastos elixibles:



- ✓ Mellora, apertura e saneamento de camiños de acceso a parcelas e explotacións

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á construción de infraestruturas.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Non poderán incluírse nesta medida aqueles investimentos en estradas que formen parte da rede pública destinadas á circulación xeral de vehículos salvo que sirvan como acceso a parcelas destinadas ao labor agrario ou forestal.

As actuacións en infraestruturas viarias deben executarse necesariamente sobre camiños públicos de titularidade autonómica ou municipal, e/ou sobre camiños afectados por un proceso de reestruturación parcelaria, que cubran as necesidades de acceso xeradas nas zonas rurais.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento dispoñible sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso.

En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un certo limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder ao financiamento.

Os criterios serán fixados nos correspondentes plans marco. Entre outros, poderán referirse a:

- ✓ Interese ambiental, agrogandeiro ou forestal
- ✓ Risco de despoboamento e envellecemento
- ✓ Demanda social
- ✓ Coparticipación de axentes locais
- ✓ Posibles sinerxías que se xeren na zona

Así mesmo, poderanse considerar aquelas zonas nas que a operación xere maior despregamento de infraestrutura verde e fortalecemento da estabilidade ecolóxica (das zonas catastrais). Para iso adoptárase como valor a recuperación e ampliación da superficie en zonas húmidas e hábitats fluviais en canles incluídas nos ámbitos de concentración parcelaria.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

Diferenciaranse dúas porcentaxes de axuda:

- ✓ O 100% dos gastos subvencionables nos casos de investimentos directos da Administración autonómica e de investimentos amparados en convocatorias públicas de axuda tramitadas en réxime de concesión directa

- ✓ O 70% dos gastos subvencionables no caso de subvencións tramitadas en concorrencia competitiva

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada por dúas entidades:

- ✓ A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural.
- ✓ A Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP.
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento (UE) N° 702/2014, da Comisión, de 25 de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia



1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre infraestruturas no medio rural (Consellería do Medio Rural)
<http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/infraestruturas/presentacion>
- ✓ Información sobre os procesos de concentración parcelaria (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/nc/es/areas/infraestruturas/concentraciones_parcelarias/buscaador/
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.4.3.3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

